

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CSMAM01	Deseño e amoblamento	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0984	Representación en carpintaría e moblaxe	2022/2023	7	213	213
MP0984_12	Representacións sobre taboleiro de elementos de carpintaría e moblaxe	2022/2023	7	70	70
MP0984_22	Representacións e documentación de elementos de carpintaría e moblaxe mediante programas de computador	2022/2023	7	143	143

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA CARMEN CASAL LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de representación gráfica aplicada aos procesos de deseño e fabricación de produtos de carpintaría e moble.

A representación gráfica de produtos de carpintaría e moble asociada ás funcións de deseño e produción abrangue aspectos como:

Representación a man alzada de elementos de carpintaría e moble.

Debuxo sobre taboleiro de elementos de carpintaría e moble.

Utilización de programas de deseño asistido por computador para a representación de elementos e produtos de carpintaría e moble.

Organización da documentación xerada no proceso de representación gráfica.

Exposición dos proxectos mediante presentacións e modelos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

Representación de elementos e produtos mediante bosquexos, alzados e seccións, perspectivas, planos de montaxe e memorias gráficas.

Xestión da documentación relacionada coas actividades profesionais anteriormente mencionadas.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), f), i), k), l), m), p), q) e r) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), e), k), l) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

Páxina 42 de 114

Representación de elementos e vistas de conxuntos a man alzada, mediante bosquexos e esbozos, esbozando as liñas mestras do produto que se vaia construír.

Representación de patróns a escala 1:1, mediante a utilización de utensilios de debuxo sobre taboleiro.

Manexo de programas informáticos e aplicación de técnicas de fotocomposición na presentación de proxectos, elaboración de planos e impresión e ploteaxe de planos, así como o arquivo e a organización destes.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Representación a man alzada en carpintaría e moble.	Coñecer a diferenza entre bosquexo e esbozo e os sistemas de representación a man alzada, así como a acotación e a representación de cortes e seccións de solucións construtivas dos mobles. Croquizado de espazos arquitectónicos.	30	20
2	Representación sobre taboleiro en carpintaría e moble.	Coñecer os materiais para a elaboración gráfica sobre taboleiro, así como a normalización do debuxo técnico. Elaboración de planos de fabricación e desenvolvemento de produtos de carpintaría e moble.	40	10
3	Elaboración de planos en dúas dimensións mediante programas de deseño asistido por ordenador.	Coñecer e aplicar programas de representación gráfica por ordenador en 2D. para a elaboración de planos de carpintaría e moble y realizar modelados sencillos en 3D.	70	30
4	Elaboración de piezas y conjuntos en 3D mediante programas CAD, incorporando los datos técnicos y gestión de documentación gráfica en fabricación de carpintaría e moble.	Coñecer e aplicar programas paramétricos de deseño gráfico por ordenador en 3D.	73	40

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Representación a man alzada en carpintaría e moble.	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Representa elementos e conxuntos de carpintaría e moble debuxando vistas e perspectivas a man alzada.	SI
RA2 - Debuxa elementos de carpintaría e moble representándoos mediante os sistemas diédrico, axonométrico e cónico, empregando utensilios de debuxo sobre taboleiro.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia dos esbozos no proceso de desenvolvemento de proxectos de carpintaría e moble, identificando o uso ao que se destinen.
CA1.2 Representouse o espazo onde se vaia realizar a instalación de carpintaría e moblaxe, partindo da toma de datos necesaria.
CA1.3 Identifícaronse os elementos construtivos e instalacións (luz, auga, calefacción, ventilación, etc.) que poidan condicionar a instalación de carpintaría e moblaxe, e representáronse mediante simboloxía normalizada.
CA1.4 Selecciónanse os elementos e os conxuntos de carpintaría e moblaxe que vaian ser representados nos esbozos.
CA1.5 Identifícaronse os elementos representados e integráronse no conxunto ao que vaian destinados.
CA1.6 Selecciónanse as vistas necesarias e os cortes suficientes para a identificación dos elementos e os conxuntos.
CA1.7 Utilizouse un soporte adecuado ao uso previsto.
CA1.8 Utilizáronse os instrumentos de debuxo adecuados.
CA1.9 Distribuíuse o espazo dispoñible no soporte para conseguir un conxunto de representacións e anotacións equilibrado e claramente lexible.
CA1.10 Estableceuse unha secuencia de operacións baseada na observación, o encaixamento proporcionado, o debuxo básico, o acabado e a anotación.
CA1.11 Utilizouse a simboloxía normalizada.
CA1.12 Definíronse as proporcións adecuadamente.
CA1.13 Cotáronse os elementos representados de xeito claro e de acordo coas normas.
CA1.14 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.
CA1.15 Definíronse os esbozos coa calidade gráfica suficiente para a súa comprensión.
CA1.16 Traballouse con pulcritude e limpeza.
CA1.17 Distribuíuse o tempo dispoñible para lograr unha representación eficiente no prazo requirido.
CA1.18 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo cando así se estableza.

Criterios de avaliación
CA1.19 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades propostas.
0CA1.20 Demostrouse que representa elementos e conxuntos de carpintería e moble debuxando vistas, cortes e perspectivas a man alzada e se realizan as representacións seguindo as normas de normalización.
CA1.21 Demostrouse o coñecemento sobre o debuxo a man alzada.
CA2.2 Seleccionouse o sistema de representación máis axeitado para representar os produtos de carpintería e moble.
CA2.6 Realizáronse as representacións diédricas e axonométricas, e as perspectivas cónicas necesarias.
CA2.9 Seleccionouse o tipo e o grosor de liña segundo a norma, a escala, o tamaño ou a importancia relativa do representado.
CA2.10 Seleccionouse a cor e o tipo de sombreado normalizado para as representacións seccionadas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Interpretación de normas para a representación de esbozos.
Elaboración de esbozos: técnicas e proceso e proporcionalidade.
Elaboración de pezas e conxuntos mediante sistemas de representación gráfica.
Manexo de instrumentos e utensilios de debuxo a man alzada.
Simboloxía nas representacións.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Representación sobre taboleiro en carpintería e moble.	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Debuxa elementos de carpintería e moble representándoos mediante os sistemas diédrico, axonométrico e cónico, empregando utensilios de debuxo sobre taboleiro.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os principais fundamentos e conceptos da xeometría plana.
CA2.2 Selecionouse o sistema de representación máis axeitado para representar os produtos de carpintería e moble.
CA2.3 Elixíuse a escala en función do tamaño dos elementos que cumpra representar, do grao de definición requirido e do espazo de debuxo dispoñible.
CA2.4 Elixíuse o formato e o soporte adecuados aos elementos e aos produtos que cumpra representar, á escala seleccionada e ao uso previsto.
CA2.5 Selecionáronse os utensilios de debuxo en función da natureza do traballo previsto.
CA2.6 Realizáronse as representacións diédricas e axonométricas, e as perspectivas cónicas necesarias.
CA2.7 Cotáronse os elementos representados de xeito claro e de acordo coas normas.
CA2.8 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.
CA2.9 Selecionouse o tipo e o grosor de liña segundo a norma, a escala, o tamaño ou a importancia relativa do representado.
CA2.10 Selecionouse a cor e o tipo de sombreado normalizado para as representacións seccionadas.
CA2.11 Traballouse con orde e limpeza.
CA2.12 Distribuíuse o tempo dispoñible para lograr unha representación eficiente no prazo requirido.
CA2.13 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA2.14 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades propostas.
CA2.15 Demostrouse que debuxa elementos de carpintería e moble representándoos mediante os sistemas diédrico, axonométrico e cónico, empregando utensilios de debuxo sobre taboleiro
CA2.16 Demostrouse o coñecemento sobre o debuxo a man alzada e sobre taboleiro.

4.2.e) Contidos

Contidos
Caracterización dos utensilios de debuxo.
Selección de soportes e formatos.
Xeometría plana (perpendicularidade, paralelismo, ángulos, triángulos, cuadriláteros, polígonos, arcos, circunferencia, simetría, semellanza, etc.).

Contidos

Representación xeométrica de elementos de carpintería e moble.

Sistemas de representación: diédrico, axonométrico, cónico.

Aplicación de escalas de uso en carpintería e moble.

Cotas de planos.

Elaboración de despezamentos de produtos de carpintería e moble.

Selección de liñas en representación gráfica: tipos, grosos e cor. Tramas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elaboración de planos en dúas dimensións mediante programas de deseño asistido por ordenador.	70

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora documentación gráfica de produtos de carpintería e moble, debuxando planos mediante programas de deseño asistido por computador.	NO
RA2 - Elabora planos de produtos de carpintería e moble representando os seus compoñentes e incorporando datos técnicos para a fabricación.	NO
RA3 - Xestiona a documentación gráfica de produtos de carpintería e moble, reproducindo, organizando e arquivando os planos en soporte impreso e informático.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícouse o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.
CA1.2 Identifícouse o deseño con obxectos e utilidades do programa de deseño asistido por computador.
CA1.3 Identifícaronse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto de construción.
CA1.4 Distribuíronse os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria nos planos.
CA1.5 Seleccionouse a escala e o formato apropiados, dándolles prioridade a formatos normalizados.
CA1.7 Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións, axonometrías e detalles de elementos e produtos de carpintería e moble, de acordo cos esbozos subministrados.
CA1.8 Comprobouse a correspondencia entre vistas e cortes.
CA1.11 Debuxouse con precisión e calidade no tempo previsto.
CA1.12 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades propostas.
CA1.13 Demostrouse que elabora documentación gráfica de produtos de carpintería e moble, debuxando planos mediante programas de deseño asistido por computador. en 2D.
CA1.14 Demostrouse que interpreta e elabora documentación gráfica a man alzada o a regras e compás de produtos de carpintería e moble.
CA2.1 Identifícaronse as características e os elementos do proxecto de carpintería e moble que cumpra representar.
CA2.2 Seleccionouse o tipo de cota tendo en conta a función do produto ou o seu proceso de fabricación.
CA2.3 Representáronse cotas segundo as normas de representación gráficas.
CA2.6 Representáronse materiais no plano seguindo a normativa aplicable.
CA2.7 Representáronse no plano tratamentos e acabamentos e as súas zonas de aplicación.
CA2.8 Representáronse elementos normalizados seguindo a normativa aplicable.
CA2.9 Representáronse marcos e caixas coa información, as dimensións e a posición requiridos.

Criterios de avaliación
CA2.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo cando así se estableza.
CA3.2 Seleccioneuse e utilizouse o medio de reprodución adecuado ás necesidades de distribución.
CA3.3 Comprobase a nitidez e a lexibilidade das copias realizadas.
CA3.5 Organízouse a documentación de maneira que o acceso a ela sexa doado e rápido.
CA3.6 Desenvolveuse un procedemento de codificación e mantemento actualizado da información.
CA3.8 Créanse copias de seguridade de todos os ficheiros informáticos con documentación técnica de produtos.
CA3.9 Valórase a repercusión ambiental e económica das copias en papel fronte a soportes informáticos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Caracterización de programas de CAD. Xestión de capas. Execución de ordes de debuxo. Xeración de ordes de modificación. Elección de opcións e ordes de superficies. Elección de opcións e ordes de sólidos. Cotas con programas de deseño asistido por computador. Aplicación da simboloxía para os procesos de fabricación de carpintería e moble. Representación de tolerancias dimensionais, xeométricas e superficiais. Representación de formas e elementos normalizados. Codificación de elementos e conxuntos. Sistemas de codificación. Periféricos de saída gráfica. Encartamento de planos. Clasificación, codificación e arquivo da documentación. Aplicación de orde, limpeza e métodos de simplificación e eficacia, como factores que permiten e facilitan o traballo.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de piezas y conjuntos en 3D mediante programas CAD, incorporando los datos técnicos y gestión de documentación gráfica en fabricación de carpintería e moble.	73

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora documentación gráfica de produtos de carpintería e moble, debuxando planos mediante programas de deseño asistido por computador.	NO
RA2 - Elabora planos de produtos de carpintería e moble representando os seus compoñentes e incorporando datos técnicos para a fabricación.	NO
RA3 - Xestiona a documentación gráfica de produtos de carpintería e moble, reproducindo, organizando e arquivando os planos en soporte impreso e informático.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.
CA1.2 Identifícase o deseño con obxectos e utilidades do programa de deseño asistido por computador.
CA1.4 Distribúense os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria nos planos.
CA1.5 Selecciónase a escala e o formato apropiados, dándolles prioridade a formatos normalizados.
CA1.6 Realízanse os cálculos básicos de superficies e volumes que permitan o dimensionamento correcto dos elementos que compoñen o plano.
CA1.7 Debúxanse planos de planta, alzado, cortes, seccións, axonometrías e detalles de elementos e produtos de carpintería e moble, de acordo cos esbozos subministrados.
CA1.9 Realízanse modelos tridimensionais de carpintería e moble.
CA1.10 Utilízanse os modelos tridimensionais para extraer plantas, seccións, etc.
CA2.1 Identifícanse as características e os elementos do proxecto de carpintería e moble que cumpra representar.
CA2.2 Selecciónase o tipo de cota tendo en conta a función do produto ou o seu proceso de fabricación.
CA2.3 Representáronse cotas segundo as normas de representación gráficas.
CA2.4 Representáronse tolerancias dimensionais segundo as normas específicas.
CA2.5 Representáronse símbolos normalizados para definir tolerancias xeométricas.
CA2.9 Representáronse marcos e caixas coa información, as dimensións e a posición requiridos.
CA2.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades propostas.
CA2.12 Demostrouse que elabora documentación gráfica de produtos de carpintería e moble, debuxando planos mediante programas paramétricos de deseño asistido por computador. en 2D e 3D..
CA2.13 Demostrouse que interpreta e elabora documentación gráfica a man alzada e a regras e compás de produtos de carpintería e moble.
CA2.14 Distribuíuse o tempo dispoñible para lograr unha representación eficiente no prazo requirido.

Criterios de avaliación
CA3.1 Determináronse os departamentos da empresa que utilizan a información técnica.
CA3.4 Cortáronse e dobráronse os planos correctamente e co tamaño requirido.
CA3.6 Desenvolveuse un procedemento de codificación e mantemento actualizado da información.
CA3.7 Gardouse a información válida para a fabricación automatizada en programas universais de exportación.
CA3.8 Creáronse copias de seguridade de todos os ficheiros informáticos con documentación técnica de produtos.
CA3.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA3.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades propostas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Caracterización de programas de CAD. Execución de ordes de debuxo. Xeración de ordes de modificación. Cotas con programas de deseño asistido por computador. Representación de tolerancias dimensionais, xeométricas e superficiais. Representación de materiais. Representación de formas e elementos normalizados. Xeración de listas de materiais. Codificación de elementos e conxuntos. Sistemas de codificación. Periféricos de saída gráfica. Encartamento de planos. Clasificación, codificación e arquivo da documentación. Aplicación de orde, limpeza e métodos de simplificación e eficacia, como factores que permiten e facilitan o traballo.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de cualificación para cada avaliación segundo os instrumentos de avaliación que se establecen no apartado 4.c son os seguintes:

70 % Exames:

Realizarase un único exame presencial por cada un dos trimestres. A asistencia a estes exames é obrigatoria. Manterase a nota para cada un dos trimestres aprobados. En caso de non asistir a estes exames parciais, por forza maior, haberá un exame final que se celebrará en xuño. Os exames, tanto parciais como finais, de dividirán en dúas partes:

Primeira avaliación

20 % Primeira parte I: Exame tipo test e de preguntas curtas nas que o alumno pode ter que realizar algún tipo de esbozado. Nos exames tipo test, cada dúas preguntas mal contestadas descontarase unha ben contestada.

50 % Segunda parte II: Debuxo a man alzada e/o a regras e compás.

A superación da primeira avaliación supón a superación da UNIDADE FORMATIVA 1 do currículo.

Segunda avaliación

20 % Primeira parte I: Debuxo a man alzada e/o a regras e compás.

50 % Segunda parte II: Debuxo mediante programa de deseño asistido por computador en 2 dimensións (2D) e/o en 3 dimensións (3D).

Terceira avaliación

20 % Primeira parte I: Debuxo a man alzada e/o a regras e compás.

50 % Segunda parte II: Debuxo mediante programa de deseño asistido por computador en 2 dimensións (2D) e/o en 3 dimensións (3D).

A superación da segunda e terceira avaliación supón a superación da UNIDADE FORMATIVA 2 do currículo.

A profesora cualificará cada parte (I e II) destes exames numericamente, de cero a dez puntos. Para a superación desta parte en cada avaliación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos en cada unha das partes (I e II). A nota desta parte, será a media aritmética das dúas partes (I e II) en cada avaliación.

De non alcanzarse esta nota mínima en ambas as partes, a avaliación parcial ou final do módulo considerarase non superada. Neste caso, a nota da avaliación, parcial ou final do módulo, nunca será superior a 4 puntos

20% Tarefas propostas ou supostos prácticos expostos:

As tarefas realizaranse e entregarán en prazo a fixar pola profesora no FPaDistancia e posteriormente serán cualificadas por parte da mesma.

Todas as tarefas cualificaranse de 0 a 10 puntos e a nota en cada avaliación desta parte, será a media aritmética das prácticas que se expuxeron para cada avaliación.

Para poder facer media o alumno deberá entregar como mínimo o 50% das tarefas propostas en cada avaliación. As tarefas que se entreguen fose de prazo cualificaranse á metade e non se cualificará calquera tarefa que se entregue a menos de catro días do día do exame contando este día.

10% Outros. Neste apartado inclúese:

Participación nos foros e actividades de clase. Durante as titorías colectivas, a profesora propoñerá pequenas actividades de clase a través do foro que quedarán expostas no foro polo menos unha semana. Este tipo de actividades axudarán a que o alumno realice na titorías colectivas, actividades similares ás que se expoñen nas tarefas propostas e realizar unha aprendizaxe previa e ao mesmo tempo estas titorías farán as clases

máis participativas.

O feito de realizar estas tarefas significará tamén a participación nos foros nos que todos expoñeremos as nosas ideas , ao mesmo tempo que podemos expor dúbidas e extraer conclusións tendo en conta tamén o achegado polos demais compañeiros/as. Así para a cualificación deste apartado, terase en conta o grao de participación nos foros en resposta ás dúbidas doutros compañeiros e realización das actividades de clase propostas pola profesora.

Para poder realizar a suma da porcentaxe de cada unha destas tres partes, deberase alcanzar como mínimo unha NOTA IGUAL Ou SUPERIOR A 5 PUNTOS SOBRE 10 NO APARTADO DE EXAMES E TAREFAS PROPOSTAS Ou SUPUESTOS PRÁCTICOS EXPOSTOS, tanto parcial como final. De non alcanzarse esta nota mínima, a avaliación parcial ou final considerárase non superada, aínda sendo a suma das tres partes superior ou igual a 5 puntos. Neste caso, a nota da avaliación parcial ou módulo, nunca será superior a 4 puntos.

Unha vez, obtida a nota mínima igual ou superior a 5 puntos sobre 10 no apartado de exames e tarefas propostas e supostos prácticos expostos, parcial ou final, a nota da avaliación do trimestre ou do módulo será igual á parte enteira que máis se aproxime, sen decimais, á obtida da suma das porcentaxes anteriormente mencionadas para cada unidade didáctica. La nota de la evaluación será la nota media de las unidades didácticas que formen cada evaluación.

Establécense para cada avaliación, as seguintes U.D.:

1º AVALIACIÓN: U.D.1+U.D.2

2º AVALIACIÓN: U.D.3

3º AVALIACIÓN: U.D.4

A nota final do módulo, por parciais, será igual á parte enteira que máis se aproxime, sen decimais, á media das tres avaliacións, a condición de que se superaron os tres parciais

O alumnado que durante a realización dunha proba escrita ou da realización dunha práctica realizase calquera acto de copia, suplantación ou cambio da proba ou proxecto, obterá non grupo correspondente unha puntuación de 1. Tanto nas probas escritas como nos proxectos ou prácticas e a sanción afectará a todos vos estudantes involucrados. A reprodución total ou na súa maioría da práctica con calquera material extraído da internet que sexa utilizado para avaliación do estudante considerárase copia.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumno que non supere algunha das avaliacións poderá realizar un único exame de recuperación que se realizará nun día das tres últimas semanas do curso.

Este exame dividirase en tres probas a recuperar, cada unha delas correspondentes a cada unha das avaliacións.

En cada unha das probas correspondentes a cada avaliación exixirase unha parte de preguntas cortas ou debuxo a man alzada e outra parte de debuxo a man alzada ou debuxo por ordenador nos programas de deseño gráfico que se impartiran en cada avaliación.

Para a recuperación das avaliacións o alumno terá que obter un mínimo dunha puntuación dun 5 sobre 10 en cada proba de cada avaliación a recuperar.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na modalidade a distancia non se define procedemento para avaliación por perda de dereito a avaliación continua, pois a asistencia a clase non é obrigatoria.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións mensuais do departamento de madeira entregarase o seguimento do cumprimento da programación. No suposto de que existan desviacións da mesma especificaranse as causas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Adoptaranse as medidas acordadas polo equipo docente do ciclo formativo e o departamento de madeira, tras a sesión de avaliación inicial do ciclo formativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No suposto de que algún alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, e nos casos en que o profesor ditamine, se propondrá ao alumno que o necesite, realizar prácticas e traballos de reforzo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Aspectos moi importantes neste módulo son os relacionados coa sustentabilidade do planeta, o impacto ambiental das actividades coa madeira, a xestión de residuos, e a seguridade no traballo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Segundo as establecidas polo departamento de madeira para o longo do curso

10. Outros apartados

10.1) Temporización.

O módulo consta de dúas unidades formativas das que a primeira se refire a representacións a man alzada e sobre taboleiro e a segunda a representacións con programas informáticos. Este módulo, desenrolase na súa totalidade no centro educativo. A temporización prevista é:
UF1: Primeiro trimestre e UF2: segundo e terceiro trimestre.